

Presentación:

Entre o individual e o colectivo, identidades continxentes*

Xa son abundantes os estudos arredor da relación entre as coñecidas interrogantes *where is here?* e *who I am?* que fan referencia á complexa definición da identidade colectiva e individual, especialmente neste último caso na vertente do xénero. O debate arredor da construción das identidades nacionais ou culturais aviveceu co postestructuralismo e os estudos poscoloniais e culturais, consolidando a visión do seu carácter continxente e variábel ou negociábel, en tanto que son consideradas realidades textuais construídas pola linguaxe e que ao mesmo tempo se poden configurar a partir dos intereses de grupos sociais diversos e en diferentes períodos históricos.

Por outro lado a investigación feminista, definindo a masculinidade como un elemento xenérico e non un universal, contribuíu a cuestionar a hexemonía masculina e a visión da historia vencellada a esa posición central que lle adxudicara o humanismo. E aínda máis, o carácter representacional, no senso teatral, que se atribúe á identidade xenérica, especialmente a partir das investigacións de Judith Butler, libéraa do condicionante biolóxico desarticulando a relación unívoca entre sexo e xénero, de xeito que se concibe o xénero como unha construción cultural baseada en xestos estudados e repetidos nun tempo determinado e en relación de discontinuidade cos corpos sexuais. Polo tanto, tanto a identidade nacional como a identidade xenérica contémpanse como produtos de prácticas sociais e culturais con representacións cambiantes que encontran formulacións normativas permanentemente cuestionadas por grupos sociais ou individuos que desenvolven estratexias para resistir o

* Este traballo enmárcase no proxecto "Us and Them. Discourses on Foreignness by Irish and Galician Women Writers", FFI2009-08475/FILO.

esencialismo e formular propostas alternativas. Xa que logo, nación e xénero son conceptos constituídos por múltiples voces e cómpre prestar atención tanto ás representacións hexemónicas coma ás diferentes manifestacións de resistencia que estas xeran.

A autodefinición das mulleres en contextos sociopolíticos de conflito nacional encóntrase coa encrucillada dunha dobre identidade por nación e por xénero que resultou nalgún momento unha aparente contradición. Dun xeito simple definiuse na segunda onda feminista como o choque entre o universalismo do feminismo e o localismo reducionista dos movementos nacionalistas, ao tempo que remite ao conflito entre os dereitos do individuo (muller) e os dereitos colectivos dos pobos. O carácter universal das reivindicacións feministas que se recolle na famosa frase de Virginia Woolf “as a woman I have no nation”, parece implicar a necesidade de definir dunha maneira clara a prioridade da loita polos dereitos da muller e de fuxir do compromiso ideolóxico con outros proxectos colectivos que poidan supeditalo. Neste senso fala Geraldine Nichols das *identidades oximorónicas* para se referir aos casos de dobres identidades que a priori semellan paradoxais (aínda que posteriormente tamén se aplicou aos casos en que o xénero se suma como elemento identitario distintivo). E digo ben “semellan”, porque a percepción da posición marxinal da autodefinición como muller e como pertencente a unha nación emerxente (como é o caso na cultura galega e mesmo, salvando as diferenzas, na irlandesa) ben seguro pode xerar unha solidariedade entre as posicións próximas de dous ítems identitarios que se formulan en clave de diferenza histórica e resistencia ás formulacións hexemónicas. Deste xeito desmontaríase o aparente carácter paradoxal desta dobre definición identitaria, que devén case unha conxunción obvia de loitas reivindicativas.

No caso de Galicia o precedente de Rosalía de Castro, que escribe dende unha posición pre-feminista e pre-nacionalista, constitúe un modelo extraordinario para abrir o camiño do discurso literario das mulleres que deben resolver o conflito desa dobre identidade, pero tamén é certo, como sostén Helena González, que a tradición galega tiña unha certa tendencia a deglutir o discurso literario das mulleres cara a interpretacións non lesivas para a orde patriarcal. Algo semellante parece acontecer coa imaxe da muller na literatura irlandesa, frecuentemente representada como nai e mártir e identificada simbolicamente coa patria. Nese camiño, nas dúas últimas décadas realizouse un labor importantísimo no sistema literario galego que resume a mesma

Helena González na importante renovación que experimenta o repertorio a partir da intervención das autoras como axentes na construción da súa imaxe xenérica provocando un cambio de expectativas na comunicación literaria que leva a contemplar a produción das autoras como produto novidoso e forte cun mercado predisposto á acollida favorábel.

O conxunto de artigos que reflexionan de xeito específico sobre cuestións derivadas da relación entre nación e xénero parten do traballo que se desenvolveu arredor do proxecto de investigación “Poesía e xénero. Poetas irlandesas e galegas contemporáneas (1980-2004)” dirixido pola Dra. Manuela Palacios entre 2005 e 2008. Deste xeito explícase a dualidade na atención aos contextos galego e irlandés, entre os que se encontran paralelismos notábeis á par de contrastes significativos que revelan as diferentes formulacións que, xurdindo de conflitos idénticos, veñen condicionadas polo peculiar contexto cultural e histórico de Galicia e de Irlanda. O estudo de semellanzas e diferenzas entre os produtos destes dous sistemas literarios baséase no especial vencello que se establece historicamente entre ambos, xerado de xeito especial pola parte galega, que proxecta a súa identidade diferencial cara á inclusión nunha cultura atlántica de orixe celtoirlandesa ao tempo que encontra un modelo no proceso de emancipación nacional da Irlanda contemporánea. Neste senso, Manuela Palacios estuda o discurso descentralizador dalgunhas poetas irlandesas contemporáneas que denuncian as institucións e as ideoloxías que as fundamentan dende o proxecto de construción nacional que contempla a muller fundamentalmente como nai e reprodutora, rexeitan a apropiación da muller como símbolo da nación e a súa representación como mera testemuña pasiva do proceso político e reclaman a configuración de identidades heteroxéneas. No mesmo senso, Laura M^a Lojo estuda o paradoxo que se establece entre a utilización metafórica do corpo feminino fronte á exclusión sistemática da muller no proceso político de construción da nación, o que provoca unha revisión crítica da iconografía feminina nacionalista por parte de poetas actuais.

Pola parte galega María do Cebreiro Rábade estuda as implicacións e consecuencia da aliaxe entre crítica e creación que con frecuencia asumen as escritoras nun contexto que impón un condicionamento social intenso na obra creadora. María Xesús Nogueira, pola súa banda, aborda as achegas das últimas fornadas de poetas e o seu tratamento da cuestión nacional, detectando a tendencia cara a posturas irreverentes cos referentes identitarios

tradicionais a través da parodia, a ironía e a deconstrución do discurso nacionalista tópico, marcando algunhas diferenzas entre as escritoras que empezaron a publicar nos anos noventa e as máis novas, que dan a lume co novo milenio.

María Xesús Lama
Universitat de Barcelona